

**Resolución do letrado oficial maior do Parlamento de Galicia, do 18 de outubro de 2016, da solicitude de acceso ao expediente referido ás cámaras de vídeo vixilancia da sede do Parlamento formulada por D. XXXX**

O 11 de outubro de 2016, a Oficialía Maior da Cámara recibe un escrito (doc. núm.110) remitido por D. XXXX no que solicita acceso ao expediente de solicitude de autorización governativa, e renovacións, para a utilización das cámaras e vídeo cámaras existentes no Parlamento e que enfocan á vía pública. Ten especial interese nos documentos que aclararían, e deixaron de manifesto de forma indubitada, que as cámaras estarían enfocando a toda a beirarrúa do perímetro do Parlamento, a rúas circundantes e ás beirarrúas do outro lado rúa.

Tendo en conta os seguintes

**Fundamentos de dereito**

A Lei de Galicia 1/2016, do 16 de xaneiro, de transparencia e bo goberno ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública (art. 1 da Lei 1/2016); debendo entenderse por esta, os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desa lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Entre os suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación está o Parlamento de Galicia en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e, en todo caso, respecto dos seus actos en materia de persoal e contratación [art. 3.1.d) da Lei 1/2016].

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (art. 24 da Lei 1/2016), dentro das limitacións legalmente establecidas (art. 25 da Lei 1/2016, en relación cos arts. 14 e 15 da Lei 19/2013). Ese dereito exercerase coa presentación da correspondente solicitude (art. 26 da Lei 1/2016) que se tramitará conforme á normativa básica do Estado (art. 27 da Lei 1/2016).

A instalación de dispositivos de vídeo vixilancia na sede do Parlamento de Galicia é unha actuación regulada polo dereito administrativo que afecta a datos de carácter persoal, ao abeiro do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal [art. 3. a), c)] e do seu regulamento de desenvolvemento [art. 5.1.f) do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro].

Agora ben, no expediente administrativo hai información que afecta directamente á seguridade da Cámara xa que a construción na que está a súa sede está incluída entre os edificios institucionais de maior nivel de risco polo que o acceso a esa información supón poñer en perigo un ben xurídico como é a súa seguridade e a das persoas que se atopan ou poidan atoparse nel (art. 15 da CE e art. 14.1.e) da Lei 19/2013). Entre os dispositivos necesarios para manter esa seguridade está o establecemento, localización e orientación de cámaras de vídeo vixilancia.

Polo exposto, tendo en conta o criterio interpretativo do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* 2/2015, do 24 de xuño, o disposto no artigo 27 da Lei 1/2016 e no artigo 8.1 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 657, do 10 de xuño de 2016),

**RESOLVO:**

1.º) Acceder á petición formulada por D. XXXX, coa excepción da información sensible que afecta á seguridade da Cámara e dos seus ocupantes nos termos arriba indicados.

2.º) Remitirlle a seguinte información:

-Oficio da Delegación do Goberno en Galicia de remisión da renovación da autorización do funcionamento das vídeo cámaras fixas no Parlamento de Galicia ata o 24 de setembro de 2017.

-Resolución da Delegación do Goberno en Galicia polo que se autoriza a citada renovación ata o 24 de setembro de 2017.

-Solicitude de renovación da autorización ata o 24 de setembro de 2017.

-Comunicación da caducidade da anterior autorización o 24 de setembro de 2016.

-Resolución da Delegación do Goberno en Galicia polo que se autoriza unha renovación da autorización ata o 24 de setembro de 2016.

Notifíquese a resolución ao interesado e comuníquese ao xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior para que leve a cabo as actuacións precisas para facilitarlle ao petionario o acceso a dita información.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior